CANDO ESCOLLES UN XOGO, ESTÁS EDUCANDO.

ESTE NADAL, REGALA IGUALDADE

Concello de Oleiros

O xogo é libre, creativo, espontáneo, imaxinativo... non hai xoguetes para nenos e xoguetes para nenas.

Escolle xoguetes libres de prexuízos e estereotipos sexistas!



As cores non teñen sexo, pero cargámolas de xénero. Así que...vaite máis alá do rosa e do azul. Hai tantas outras cores!

Hai xoguetes, libros, películas, videoxogos...nos que nenas e nenos aparecen e se nomean por igual. Búscaos, hai máis opcións das que imaxinas! Son unha elección óptima para educar en igualdade.

As crianzas son iguais, pero tamén son diversas. Intenta que os xoguetes reflictan esa diversidade e inclúan a todas e todos no xogo, que participen por igual. A diversidade enriquece!

Moitos libros, xogos e xoguetes están deseñados especificamente para fomentar que as crianzas desenvolvan as súas capacidades e habilidades. Deixa que experimenten e atopen o que lles senta ben.

Contribúe a que aprendan desde idades temperás que os problemas deben resolverse de forma positiva, construtiva, pacífica e creativa. Os xogos e xoguetes violentos non contribúen a esta aprendizaxe, así que opta por aqueles que fomenten valores como a cooperación, coordinación, participación e corresponsabilidade, pois ensinan a convivir e construír unha sociedade máis xusta, democrática e igualitaria.

Ir ao cine, a un concerto, coñecer un museo, descubrir un novo lugar, facer unha actividade deportiva...son experiencias das que moitas crianzas desfrutan por igual. Un agasallo non sempre ten que ser algo material. Regálalles experiencias!

OS XOGOS DE HOXE,
SON O FUTURO DE MAÑÁN.
ESTE NADAL, REGALA
IGUALDADE

Concello de Oleiros